

Animación á lectura e contacontos

Febreiro | abril | 2026



**Biblioteca
Municipal
Isidro Novo
MIHL**

Parque da Milagrosa

Presentamos unha nova programación de animación á lectura pensada para achegar ás e aos máis pequenos á biblioteca, ao mundo da lectura e aos contos.

Para asistir aos contacontos, é preciso retirar unha entrada a través do portal entradaslugo.es. As entradas son gratúitas e estarán dispoñibles desde o luns da semana da actuación.

As persoas adultas que acompañen os nenos e nenas aos contacontos terán que retirar tamén entrada. Para dar preferencia ao público infantil, permitirase só un acompañante adulto por unidade familiar e entregaranse un máximo de tres entradas por persoa.

É importante que vos fixedes nas idades ás que vai destinada cada sesión.



#ActivandoLugo

Xoves, 26 de febreiro ás 18:00 horas no MIHL

**GALEATRO
“Hotel Paraíso”
Idades: a partir de 4 anos
Duración: 50 minutos**

Imaxina un lugar onde cada cuarto garda un sentimento, cada corredor conta unha historia e cada parede asubía un segredo. Ven hospedarte no “Hotel Paraíso”, onde cada palabra é unha chave e cada emoción, unha porta por abrir.

Xoves, 12 de marzo ás 18:00 horas no MIHL

**A XANELA DO MAXÍN
“Toupiencia Show”
Idades: a partir de 5 anos
Duración: 40 minutos**

A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza, e mais o seu axudante Protonio, andan a buscar ás persoas científicas do futuro, facendo divertidos experimentos e demostrando que facer preguntas é a clave para aprender.

Xoves, 26 de marzo ás 18:00 horas no MIHL

**MARTA ORTIZ
“Tralará. Contos, obxectos e música”
Idades: de 1 a 3 anos
Duración: 45 minutos**

Tralará ten o ritmo no corpo, cos cantos e refráns, retrousos e rimas, xogos de palabras e contos versados. Contos de antes e de agora, cun pé para adiante e outro para atrás, bailando entre a tradición e a actualidade.

Xoves, 9 de abril ás 18:00 horas no MIHL

**PAKOLAS
“Ramona Órbita, a dona do tempo”
Idades: a partir de 3 anos
Duración: 50 minutos**

Pakolas conta e canta a historia de Ramona, unha muller labrega e científica do Courel, que posúe unha horta cibernética e unha máquina do tempo coa que viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo máis ecolóxico.

Xoves, 16 de abril ás 18:00 horas no MIHL

**TRÉMOLA TEATRO
“Vamos ao recreo”
Idades: a partir de 3 anos
Duración: 45 minutos**

O recreo é o sitio máis divertido de todo o cole. Pero neste cole, o patio estaba separado por unha corda: nun lado xogaban as nenas e no outro, os nenos... ata que chegou Sara. Vindes con nós a descubrir como esta nena revolucionou todo o patio?

Xoves, 23 de abril ás 18:00 horas no MIHL

**OS CONTOS DE PABLÍSIMO
“O Paroleiro”
Idades: a partir de 4 anos
Duración: 40 minutos**

Celebramos o Día do Libro cunha sesión variada de relatos clásicos e contemporáneos que amosan a riqueza e diversidade da literatura infantil e da tradición oral. O Paroleiro é moi amigo de parolar, gústalle laretar, enredar, falar e contar. Conta sucedidos, historias e, sobre todo, moitos contos que leva na súa memoria.